

Limiar:

Manuel O. Rodríguez López.

XX Aniversario do Certame Rodríguez López.

Esta achega ao libro do ano 2015, ten un carácter extraordinario, ao coincidir unha serie de datas con feitos que acreditan a realidade que está a vivir a obra de Manuel O. Rodríguez López.

Cumpríronse oitenta anos do seu nacemento (11-12-1934), en Randulfe (lugar feito eufonía), detalle non menor, encanto á personalidade do autor, e tamén ca obra que leva o seu nome, que transcorre fiel e firme aos seus valores persoais e ás ensinanzas que alumeou na súa corta estancia entre nós. Fóisenos da mesma maneira que se conducía pola vida, sen ruído, ou sexa con *“eufonía”*, e co exemplo de dozura que transmitía dende ese espírito de home bo e xeneroso.

Finou con cincuenta e cinco anos, o (13-12-1990), cúmprense entón vinte e cinco anos do seu pasamento. O seu *“cantar”*, segue agrandándose día a día, cada vez chegando máis lonxe, sendo un referente no mundo literario, así o acreditan os concursantes de moitas e diversas nacións que acoden ao seu CERTAME.

Cúmprese outra das súas profecías *“por oxe deixote xaniño, pero coida que aínda non rematou o meu cantar”* ou tamén *“igual-o meu esprito/outro vento, outro sol/, murcho ou con brillo/ zoando ou calado/ está sempre contigo”*.

Dende a súa actividade de articulista-periodista, son milleiros os relatos que nos deixou, como testemuñas do seu bo facer tamén nesta faceta.

¿Quén sabe as pedras que compoñen a Igrexa fortaleza de San Nicolás de Portomarín, trasladada das ribeiras do Miño ao monte do Cristo?, di o escritor: *“asombrámonos que a fábrica da igrexa componse de catorce mil pezas de cantería”*. Diario das Primeiras Xornadas de Estudos Históricos da Deputación de Lugo, no Camiño de Santiago.

Nesta vinte edición, concorreron 577 obras, 295 en poesía e 282 en narrativa, todas elas de gran calidade, véndose o xurado obrigado a outorgar varios accésits. É de destacar que o gañador de poesía é un cidadán cubano D. Luis Lexandel Pita García, e en narrativa D. David D. Vázquez Álvarez un Ourensán, os nosos parabéns a todos os galardoados por ter acadado estes premios. Co agradecemento mais sinxelo por axudarnos a seguir no BO CAMIÑO, de honrar a figura do noso FILLO PREDILECTO, sendo fieis ao seu ideario de espallar a cultura, poñéndoa a disposición de todas as persoas e así axudarse a mellorar a sociedade.

Vinte aniversario do Certame 1995-2015, milleiros de escritores participando, con vinte libros publicados, éxito non só na cantidade de participantes senón que sobresaie a calidade, eu invito a que se acheguen a obra publicada, léndoa e reléndoa, coincidirán comigo, e poderán achegarse a “cento dezanove obras publicadas”, que viron a luz dende este humilde Concello.

Gracias ao equipo que forman a familia de Manolo, Galicia Dixital-Xulio e Antonio Xiz a cabeza, e os demais membros do Xurado que fan posible este MILAGRE, coa colaboración da Xunta de Galicia, da Deputación de Lugo, e o Concello de Lugo. A todos gracias, por axudarnos é unha honra contar con tantos e tantos vos amigos.

José Manuel Mato Díaz
Alcalde do Concello de Paradela